

El augua das prindas

↓ José García López

¿Quén nun oíu falar algúa vez de cousas como “tas embruxao”, “a ti víute úa bruxa” ou “teis que pasar el augua”? Hoi nun é normal, pero entre a xente que ten os treinta cumpridos, y sobre todo se son de pueblos, seguro que lo oíron y algús hasta lo fixeron. Así y todo, aparte d'oílo, poucos saberán en qué consiste ou de qué vei el asunto. Vou cuntavos cómo vin y vivín you estas cousas en Poxos, na parroquia de Ponticella (Villayón).

Hai us contos anos, condo a daquén ye pasaba algúa desgracia era costumbre atribuílo al mal d'oyo. Condo pasaba eso, había tres métodos que valían de remedio.

El primeiro era que, se as desgracias eran na casa, podía botase augua bendita rezando algo apropiado.

Se el problema era mui gordo, ou eran muitos xuntos, y además coincidía con qu'houbera morto daquén da familia de pouco, entoncias había qu'ir al segundo método: ir a úa bruxa ou adivía. Había úa en Brañavara (Bual), y oín de muitos que foran a ella. Era normal nestos casos qu'a culpa fora de que ye faltara algúa misa al defunto. ¡Dicían qu'esa muyer tía poder pa falar cos mortos! Al paicer –según me cuntou tío Manuel de Queipo, el *capador*, qu'anduvo muitos lugares y conocía a muita xente y muito mundo–, burláronse muito d'ella hasta que, indo ella y más feriantes de Bual pa casa un día con úa tormenta d'augua y aire que yes llevaba a roupa y hasta a ellos mesmos, todos viron cómo ella iba delante con úa velfía presa que nun se ye apagou en todo el camín.

Y chegamos al último método. Se el problema era intermedio –daquén malo, el gocho que nun sanaba, a vaca qu'abortaba...–, pos entós lo más normal era pasar el augua, el *augua das prindas*. Pa ello había qu'ir con úa botella a Casa Santiago Poxos, qu'era unde taba a *prinda*. A *prinda* ta feita de dous vidros biselaos, solapaos y enmarcaos nun cordón de prata. Agora ta un pouco estropiada dos golpes que levou, pero nun deixa de ser orixinal. Nun se sabe d'ónde

procede y lo más que se conoce é que foi rescatada da casa veyá condo queimou hai más de sesenta anos.

En Casa Santiago, Jovita, q.e.p.d., botaba el augua nun cazolo ou núa conca y, fendo cruces cua *prinda* nel concho del augua, dicía úas palabras qu'empezaban así: “De parte de Dios y Santa María, qu'esta augua faiga melecía a...” y despós botaba a *prinda* nel augua esperando que saliran “oyos” (burbuyas). Se salían muchos ojos era qu'había muito mal, muito embruxamento. Condo paraban de salir ojos, enchía el augua na botella del interesao ou interesada, que la llevaba pa súa casa. Desque chegaba, tía que botar úa cuyarada al pranchón ben roxo, ou nel fougo, pa queimaye os ojos al mal y tomar un traguín ou dayo al gocho ou á vaca... tres días seguidos. El caso era qu'aquello funcionaba y muchos eran os que pasaban el augua.

Tamén hai algúa anécdota curiosa que ten que ver col augua das *prindas*. Úa vez úa muyer encargóye el augua a un vecín que tía qu'ir a Poxos y al probe home pasóuseye. Acordóuse condo volvía na Fonte a Uz y nun se ye ocurriu outra cousa qu'encher a botella na mesma fonte y llevaya. Al pasar us días preguntóye á paisana pol gocho y ella díxoye que sanara. ¿Qu'esto ten muito de fe? Pos seguro que sí. El outro día escuitéi a úa muyer que ye dicía a outra que nun era capaz de llevar a súa madre al médico porque nunca antias fora, xa que nun cría nellos. You vin a tío Agustín del Armita, q.e.p.d., cicatrizar as mancaduras con guano y seguro que nun tomou úa aspirina na súa vida, que foi llarga abondo. 